

**SINERXIA:**  
**FEDERACIÓN GALEGA DE EMPRESAS COOPERATIVAS**

Iago SANTOS CASTROVIEJO  
*Federación Sinerxia*

Exponse o obxecto, misión, funcións (representativa, de atencións reproductivas e de imaxe de futuro) e as liñas programáticas a prazo medio da Federación de Cooperativas Sinerxia.

### *1 Introducción*

A Federación Sinerxia nace como unha federación de cooperativas de Galicia o 26.II.1994, formada inicialmente por UCETAG (Unión de Cooperativas do Ensino de Traballo Asociado de Galicia, constituída por 16 cooperativas e cerca de 300 socios traballadores); outras 5 cooperativas de traballo asociado con 50 socios; dúas cooperativas de mariscadores con 350 socios, unha cooperativa cultural de consumidores e usuarios con 13 socios, e unha cooperativa de segundo grao de confección con dúas cooperativas socias. Representa a culminación dunha serie de pasos dados para lanzar fórmulas robustas de intercooperación, e aspira a consolidar formas representativas para as cooperativas de Galicia. O obxecto e a misión son consagrados nos artigos 2 dos seus estatutos:

**"Art. 2. Obxecto social.** 1. O obxecto social da Federación constitúeo a defensa dos intereses das cooperativas integradas no seo da súa organización, a promoción e o desenvolvemento do cooperativismo como fórmula de crecemento económico e social, o acordo de políticas e criterios en torno ó cooperativismo, o fomento da autoxestión e o aumento do nivel profesional e humano do sector.

2. Especificamente, os fins da Federación serán os seguintes:

- a) Contribuír ó desenvolvemento na creación e reparto equitativo de riqueza no noso país.
- b) Velar pola boa orientación empresarial das cooperativas integrantes da Federación, tentando conquerir unha boa cultura cooperativa e empresarial.

- c) Tentar acadar unha sociedade máis integrada, sen excluídos nin marginados por razóns físicas, psíquicas, ideolóxicas, relixiosas, sociais...
- d) Expandi-los principios cooperativos facéndoos seus.
- e) Cuidar que a sociedade galega sexa receptiva ó cooperativismo, promovendo institucións e actividades administrativas, lexislativas e favorecendo a difusión da filosofía cooperativa.
- f) Promover e fomentar unións sectoriais e cooperación empresarial entre cooperativas do mesmo sector e actividade.

**Art. 2bis. Misión.** A Federación de cooperativas terá por misión a consolidación dunha economía cooperativa, democrática, participativa, solidaria e autoxestionada dentro dunha sociedade galega pluralista”.

Asume tres grupos de tarefas: as representativas; as que podemos chamar “reproductivas” e as que podemos chamar “de imaxe de futuro”. Anque a Federación Sinerxia ten como primeiro mandato a asunción das obrigas representativas, as outras funcións non deben ser perdidas de vista, e en algúns casos está estupendamente equipada para asumilas.

## 2. Antecedentes

Os intentos de intercooperación en Galicia son máis ben poucos e reducidos ó sector agrario. Alí si hai formas de intercooperación -Agaca, as UCAs, algunas comarcais (Ucafe, Coresa...) e algunas de segundo grao (Copagro, Coren...). Fóra do sector agrario houbo, que saibamos, dous intentos de intercooperación de traballo asociado (a disolta Fecopón, Federación de Cooperativas de Traballo Asociado de Pontevedra; e Ugacota-sector textil, que agrupa hoxe 20 cooperativas da confección con 300 socios). Ugacota - sector textil non conseguiu plenamente, sen embargo, a representatividade e a reestructuración do cooperativismo da confección que pretendía nos seus liñamentos programáticos.

A razón principal do limitado peso da intercooperación, a pesar da súa necesidade e avantaxes, é principalmente a falta dunha tradición cooperativista no país -as cooperativas de traballo asociado son de creación moi recente en Galicia, case todas posteriores a 1978- e tamén que a formación de cooperativas non soe estar vinculada á defensa dos principios cooperativos.

Sen intercooperación, as cooperativas quedan ailladas, dependentes das circunstancias e a valavento. Así, dos socios da extinta Fecopón, as más delas garraron para empresas capitalistas.

A medida que se afincan as conviccións e os principios cooperativos cámianse os puntos de vista sobre a intercooperación: vese a súa necesidade por razóns superiores e más sólidas cás de conveniencia. Pero tamén polas necesidades concretas: hai tarefas que as cooperativas teñen que abordar conxuntamente.

### 3. A intercooperación representativa

O mandato máis concreto da Federación Sinerxia é o representativo, e o seu obxectivo máis claro e terminante é o de constituirse nunha Federación representativa, esto é: que recolla a tódalas cooperativas de Galicia. Nace cunha representatividade modesta, pero considerable, e recolle tradicións interesantes e procesos moi dinámicos do cooperativismo galego. Pero deberá contar, ademais, coa presencia activa de moitas más cooperativas e coa aceptación e o apoio xeral.

As tarefas da intercooperación representativa son:

- a) O coñecemento mútuo, intercambio de experiencias, harmonización de intereses, relanzamento dos proxectos e redimensionamento do movemento e das súas posibilidades.
- b) Sumar unha serie de pequenas capacidades para conseguir resolver problemas conxuntos: por exemplo, orientar as demandas de servicios empresariais para conseguir unha boa estructura de servicios e asesoramento ás cooperativas, que ata agora teñen acceso a uns servicios moi medianos.
- c) A abordaxe de medidas administrativas, xudiciais, lexislativas, etc. que é xusto que as aborde e custee unha entidade de intercooperación, xa que afectan a tódalas cooperativas: é o caso da actual diferencia de puntos de vista entre as cooperativas e algunas Administracións sobre o dereito dos socios das cooperativas de traballo asociado á regulación temporal de emprego, e a regrar outras diferencias en resolucións e medidas, como as que afectan a actuacións que manteñen as posibilidades da creación de riqueza cooperativa enrequeñadas.
- d) As posibilidades de abordar problemas comúns, como os sistemas de captación e formación de socios válidos para as cooperativas que necesitan ampliarse, de intercambios temporais de socios, de reconstruír equipos xerenciais, etc.
- e) A interlocución coa Administración Pública, para propoñerlle actuacións de interese e xustiza, que poden ir dende actuacións de deseño administrativo ata as políticas de fomento da Economía Social.

É preciso dicir que a Federación Sinerxia pretende ter as súas portas abertas a outras empresas da Economía Social, especialmente as OPPs e SALES.

### 4. A intercooperación reproductiva

Entendendo por atencións reproductivas as dirixidas a coida-lo contorno cooperativo e a reestructuración do movemento. Anque hai formas de intercooperación específicas para cada fin concreto, a Federación Sinerxia deberá asumi-las responsabilidades que lle corresponden. Podemos sinalar, entre as necesidades reproductivas, as seguintes:

- a) Lanzar un programa de formación ocupacional, de formación cooperativa e de formación para a reestructuración do movemento cooperativo.
- b) Propoñer unhas orientacións para a reestructuración e redimensionamento das cooperativas en activo.
- c) Resolver obstáculos que limitan o medrío do movemento cooperativo: do sistema financeiro, da cultura cooperativa, dos servicios estratégicos e servicios ás empresas, de capacidade de defensa xurídica e administrativa, do mundo relacional...
- d) Asegurar un funcionamento claro e sen obstáculos da información e comunicación no interior do movemento.
- e) promover estudos e proxectos de novas posibilidades de produción e emprego.

### *5. Propoñer imaxes de futuro.*

Propoñer a Economía Social como un futuro posible polo que vale a pena esforzarse, vincular ás xeneracións futuras, sinalar os retos e as posibilidades que teñen ante si... As imaxes de futuro teñen unha gran forza motivacional, e antes de actuar, habitualmente, construímos provisoriamente, ó nivel da representación, os contornos dos mundos e proxectos ós que aspiramos. Federación Sinerxia compételle saber propoñer con forza e realismo os contornos dos liñamentos futuros do cooperativismo e das súas posibilidades e responsabilidades.

### *6. Unhas prioridades a prazo medio.*

O establecemento das liñas programáticas e tarefas prioritarias a prazo medio fixose sobre a base dun cuestionario dirixido ós socios sobre necesidades más importantes a resolver. De aí elaborouse a seguinte escala de prioridades:

1. Dotarse dunha oferta de servicios estratégicos ás cooperativas.
2. Representación ante a Administración Pública.
3. A circulación fluída e puntual da información entre as cooperativas.
4. Resolver satisfactoriamente o acceso das cooperativas á financiación, poniendo en funcionamiento institucións e prácticas financeiras útiles.
5. A formación.
6. Capacidade de negociación e proxección social.
7. Buscar soluciones operativas para a introducción de procesos de I+D nas cooperativas, incluíndo aquí a elaboración e lanzamento de novos proxectos e os proxectos de reestructuración que permitan ó movemento situarse acertadamente na sociedade do futuro.

Destas liñas programáticas a federación está xa en condicións de desenvolver por si soa os servicios estratégicos más perentorios; intenta programas de colaboración coa Administración Pública camiño dunha alianza estratégica,

aínda que sobre este punto necesita maior sensibilidade por parte da Administración. Ten en marcha un proxecto de elaboración do intercambio de información; postula o lanzamento de prácticas financeiras novas; ten en marcha un programa de formación e un estudio de diagnóstico para a formación ocupacional; ven coidando a elaboración de mensaxes á sociedade sobre a proxención social do cooperativismo e ten certos proxectos de I+D que, de obter financiación, podería poñer en práctica.

Pero os medios para levar a bo fin todos estes proxectos non son hoxe suficientes. Están despertadas moitas esperanzas, temos programas e visións de futuro. Temos unha realidade modesta, pero dinámica e xenerosa. Fáltanos, sen embargo, persoas convencidas que aposten polos proxectos, fáltanos medios e necesitamos interlocutores sensibles para establecer unhas colaboracións serias e honestas. Tamén necesitamos que o movemento cooperativista nos entenda e se sume resoltamente ó proceso.

## 7. Un proceso aberto

A Federación Sinerxia está aberta a tódalas cooperativas e empresas de democracia laboral que asuman os principios cooperativos. Quen se interese por ela teñen na súa sede, r/ Oporto, 13, oficina 3. 36201. Vigo; teléfono 986-430404 unha cordial hospitalidade.

### SUMMARY

The objective, mission, functions (of representation, of necessities of production and of future image) and the lines of medium term programming of the Federación de Cooperativas Sinerxia.



SERVICIOS ESPECIALIZADOS PARA ENTIDADES  
RELACIONADAS CO SECTOR PESQUEIRO E MARISQUEIRO:

- Proxectos de explotación pesqueira.
- Estudios e seguimento de bancos naturais e novos recursos marisqueiros.
- Informes submarinos.
- Análise e control de augas.
- Estudios de impacto ambiental.
- Fotografía e reportaxes submarinos.

**INTRASUB** *s. coop.*

INVESTIGACIÓN E TRABALLOS SUBMARINOS

Telf. (986) 26 22 31  
Apdo. Correos, 1299

VIGO  
(Pontevedra)